



# PROCEDIMENTO PARA INTRODUCIR NO SISTEMA OS DATOS DE VACINAS ADMINISTRADAS FORA DE GALICIA

( 14 feb. 2022)

O seguinte documento pretende establecer un procedemento común para o rexistro das vacinas administradas fóra de Galicia. Para poder obter o certificado de vacinación Europeo desde as aplicacións da Comunidade ( App Sergas, SIGAP, Farmacias, etc), é preciso que as vacinas figuren rexistradas na historia clínica do Sergas ( IANUS).

A continuación descríbese onde solicitar ese rexistro, como se debe facer un correcto rexistro das vacinas administradas fóra de Galicia, e cales sos os criterios necesarios que xerarán o certificado Europeo.

## 1- SOLICITUDE DE REXISTRO DE VACINAS ADMINISTRADAS FÓRA DE GALICIA.

Para realizar o rexistro dunha vacina fronte a Covid-19 que foi administrada fóra da comunidade, débese presentar/enviar o xustificante en algún dos puntos que se indican a continuación. No caso das vacinas administradas fóra de España entregárase ademáis unha declaración responsable (Anexo 1).

O cidadán debe aportar documentación acreditativa válida, é dicir, xustificante de ter recibido a vacina, no que conste: datos da persoa, tipo de vacina, data de administración de cada dose de vacina e o lugar no que foi administrada. *En canto as vacinas administradas fóra de Galicia pero dentro de España non será necesario aportar o certificado sempre e cando as vacinas se poidan comprobar no apartado " Ver información Ministerio" ( apartado que está no módulo de campaña de vacinación da historia clínica)*



O certificado de fóra de Galicia aportado pola persoa que solicita o seu rexistro, deberá quedar adxuntado na historia clínica (IANUS), asociado o *CIAP A44 Inmunizaciones/medicamentos preventivos*.

### 1.1 Direccións de correo electrónico

A solicitude poderá ser enviada ás seguintes direccións de correo electrónico dependendo da Área sanitaria á que pertenza:

| ÁREA SANITARIA                         | CORREO ELECTRÓNICO                    |
|--|---------------------------------------|
| A Coruña e Cee                         | certificadoscovidcoruna@sergas.es     |
| Santiago de Compostela e Barbanza      | certificadoscovidantiago@sergas.es    |
| Ferrol                                 | certificadoscovidferrol@sergas.es     |
| Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos     | certificadoscovidlugo@sergas.es       |
| Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras | certificadoscovidourense@sergas.es    |
| Pontevedra e o Salnés                  | certificadoscovidpontevedra@sergas.es |
| Vigo                                   | certificadoscovidvigo@sergas.es       |

Nos buzóns da táboa poderanse recibir tanto as incidencias enviadas directamente polos usuarios así como as derivadas dende outras direccións de correo.

### 1.2 Puntos de vacinación Covid

A persoa pode acudir ó punto de vacinación co certificado e solicitar o rexistro da súa vacina administrada fóra da comunidade.

### 1.3. Centros de Saúde

A persoa pode acudir a súa enfermeira de Atención Primaria co certificado da vacina administrada fóra de Galicia para solicitar o seu rexistro.



## 2. REXISTRO DE VACINAS ADMINISTRADAS FORA DE GALICIA.

Para o rexistro seguiranse os seguintes pasos en IANUS no módulo de "Vacinas" no apartado "campañas de vacinación"- "Campaña COVID".



**1**

**Data:**  **2**

**Punto de vacinación:** PUNTO VACINACIÓN FÓRA ESPAÑA

**Dose administrada fóra do Programa Galego de Vacinación:**  Noutra comunidade autónoma  Fóra de España  Ministerio de Defensa

**Motivos de non vacinación:**

- Renuncia
- Contraindicación
- Excepción

**Vacina:**

**Composto:** **3a**

Comimaty  Spikevax  Vaxzevria  COVID-19 Vaccine Janssen  COMIRNATY PEDIATRICO

**3b** **Compostos fóra de España:** --Seleccionar--

**Lotes:**  **4**

**Grupos de risco:**

**5**

**Asociados a probabilidade de exposición**

- Traballador de centro socio-sanitario
- Traballador de actividades esenciais
- Outro profesional do ámbito sanitario (ocupación)
- Outro profesional do ámbito socio-sanitario
- Persoal de centro sanitario de Atención Especializada
- Persoal de centro sanitario de Atención Primaria

**Asociados a vulnerabilidade**

- Embarazada
- Grupo de risco para COVID-19 por idade
- Persoa dependente non institucionalizada
- Condición de alto risco
- Persoa que vive en residencia de maiores
- Persoa que vive noutras institucións

**Estamento:** Persoal enfermeiro de centro de Atención Primaria

**Observacións:**  **6**

**7**

**8** **Listado Rexistros COVID-19**

**3** **Ver información Ministerio** **7** **Imprimir informe** **7** **Rexistrar**



1. Seleccionar no apartado *"Dose administrada fóra do programa galego de vacinación"* o recadro que corresponda segundo a vacinación se realizase nun punto de vacinación doutra comunidade autónoma, no Ministerio de Defensa ou fóra de España.
2. Seleccionar data de vacinación: por defecto, aparecerá a data actual, polo que só é necesario modificala para informatizar as vacinas administradas e non rexistradas no día actual.
3. Se a vacina que se vai a rexistrar está administrada en España, pódense verificar ditas vacinas na pestana *" Ver información Ministerio"*.
  - 3a. Se a vacina se administrou dentro de España, marcar o composto da vacina administrada.
  - 3b. Se a vacina se administrou fóra de España e non se corresponde con ningún dos compostos do apartado 3a, seleccionar *"composto fóra de España"* (só visible e dispoñible ao marcar o recadro Fóra de España).
4. **Non é obrigatorio seleccionar o lote.**
5. Seleccionar o grupo de risco. **É obrigatorio seleccionar soamente un grupo de risco.**
6. Observacións: permite introducir un comentario, por exemplo o lote nas vacinas administradas fora da nosa comunidade que non saian no despregable.
7. Gravar o rexistro: pulsando o botón *"Rexistrar"* procederase a gravar os datos que aparecerán automaticamente no listado da parte inferior. Nese momento, xa se pode pechar a pantalla.
8. Mostrarase o botón de eliminar soamente nos rexistros que foron gardados no día actual e polo mesmo usuario que está accedendo ao módulo.



### IMPORTANTE

Para o rexistro da vacina posta fóra de Galicia, tal como indica o paso 1, débese marcar unha das tres opcións que indican que non foi administrada na comunidade: *“Noutra comunidade autónoma”, “fóra de España”, “ Ministerio de Defensa”*.

**Non pode quedar rexistrada unha vacina de fóra de Galicia nun punto de vacinación da comunidade.**

### IMPORTANTE

**Se para unha persoa existen varios rexistros, débese rexistrar en primeiro lugar o máis antigo. O sistema non permitirá rexistrar as vacinas noutro orden**

## 3- EMISIÓN DO CERTIFICADO COVID DIXITAL ( CCD)

Unha vez realizado o rexistro correspondente, o certificado emitirase automaticamente ás persoas que se lles rexistraron todas as doses tanto se foron administradas en España como fóra de España.

- No caso das persoas que aporten vacinas de fóra de España, débese ter en conta que contamos con tres grupos de vacinas atendendo a súa aprobación polos diferentes organismos (este apartado poderá sufrir modificacións que se irán incorporando ás novas versións do Plan galego de vacinación):

- **Vacinas aprobadas pola OMS e pola EMA:** Comirnaty, Spikevax, Vaxzevria, Janssen, Novaxovid.
- **Vacinas aprobadas pola OMS:** Sinopharm BiBP ( Verocell), Sinovac ( Coronavac), Covishield ,Covaxin e Covovax.
- **Vacinas non aprobadas pola OMS:** Sputnik V, Sputnik light, CanSinBio, Abdala, Soberana.



No caso, das vacinas non aprobadas pola OMS, tal como indica a estratexia de Vacinación do Ministerio de Sanidade e o plan galego de vacinación é preciso que reciban unha dose adicional de calquera vacina autorizada en España para que o seu estado de inmunización sexa correcto.

Polo tanto as persoas que aporten vacinas **non aprobadas pola OMS**, éstas **non aparecerán no certificado europeo**.

#### 4- CAMBIOS NA XERACIÓN DO CERTIFICADO EUROPEO

A partir do 1 de febreiro de 2022, entraron en vigor novas normas para a xeración do certificado europeo:

- Os certificados amosarán o nome da última vacina administrada e a data da mesma, sempre e cando esta sexa unha vacina aprobada pola OMS.
- Os certificados serán válidos coa pauta de primovacinação ( 2/2, 1/1) durante 270 días ( 9 meses).
- Nestes momentos non hai un período máximo de validez para as doses de reforzo.

#### IMPORTANTE

Contamos cunha nova codificación das doses administradas, en determinadas circunstancias, nas que o denominador indicará o número de doses que corresponden coa pauta de primovacinação:

- **Primovacinação con Janssen:** por ser unha vacina monodose, aparecerá sempre no denominador o número 1 , e no numerador as doses totais recibidas.

- **Persoas con antecedentes da infección e que so precisan unha dose como primovacinação.** Aparecerá no denominador o número 1 , e no numerador as doses totais recibidas.

- **Persoas que aporten vacinas non aprobadas pola OMS:** nestes casos, será preciso que reciban unha dose de ARNm, e por tanto ésta vacina será a única que se reflecta no denominador. Aparecerá no denominador o número 1 , e no numerador as doses totais recibidas aprobadas pola OMS.

Aquelas personas que se atopen nestas circunstancias deberán descargar de novo o seu certificado para que o poidan ter actualizado segundo a nova normativa.

## ANEXO 1

### DECLARACIÓN RESPONSABLE

Eu, D./Dña....., con DNI/NIE.....

DECLARO:

Que o certificado de vacinación que se presenta ante o Servicio Galego de Saúde é válido e non sufriu alteracións dende a súa obtención polo organismo que o emitiu e que dou conformidade de ter recibido ditas vacinas.

E para que conste e surta os efectos oportunos, firmo a presente en....., a ..... de ..... de 20...